



CONCELLO DE  
VALDOVIÑO

Valdoviño

## **DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA Nº 196/2012**

Tendo a necesidade o Concello de Valdoviño, de efectuar de inmediato a selección dos traballadores/as que van ser contratados para a **Campaña de limpeza de praias do ano 2012**, vistas as competencias atribuídas á alcaldía polo artigo 21 apartado g), da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local, na súa nova redacción modificada pola Lei 11/99, e 57/2003, polo presente **ACORDO**

Primeiro.- Aprobar as bases que rexirán a contratación, supeditada á resolución positiva de concesión de subvención por parte da Deputación da Coruña, por obra ou servizo determinado, de dezaseis (16) peóns e que son as seguintes:

### **BASES QUE REXIRÁN A CONTRATACIÓN DE DEZASEIS PEÓNIS POR OBRA OU SERVIZO DETERMINADO.**

**PRIMEIRA.-** É obxecto da presente convocatoria a provisión con carácter laboral temporal, DEZASEIS PRAZAS DE PEÓNIS (que se distribuirán en cuadrillas, podendo nomearse un capataz para cada unha das cuadrillas que se formen), para a limpeza das praias do Concello de Valdoviño durante dous meses e medio a xornada parcial de 30 horas semanais. O salario bruto mensual, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias será de 645,97 euros, sendo o grupo de cotización o 10 e financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 162.13100.

**SEGUNDA.-** A convocatoria publicarase nun diario dos de maior tirada da Provincia, na páxina web municipal e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello. A selección terá lugar na Casa do Concello de Valdoviño, sita na Porta do Sol s/n, Valdoviño entre os candidatos presentados.

**As solicitudes presentaranse en modelo oficial no rexistro municipal en horario de 9:00 a 14:00 horas os días 25, 26 e 27 de xuño**

**TERCEIRA.-** Requisitos dos aspirantes:

a) Nacionalidade: ser español, nacional dun Estado membro da Unión Europea ou persoa incluída no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por



CONCELLO DE  
VALDOVIÑO

Valdoviño

España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos nos artigos 57 e 58 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa (modificación introducida polo art, 56.1.c) da lei 7/2007.

c) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais do posto ao que aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto. As persoas con minusvalías deberán aportar certificación do correspondente organismo.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme. Acreditarase mediante declaración xurada.

**CUARTA.-** A selección levarase a cabo a través de concurso de acordo co seguinte baremo:

<b>CRITERIO</b>	<b>PUNTOS</b>
Muller	0,5
Desemprego longa duración: Entre 12-18 meses	0,5
Entre 18-24 meses	1
Maiores de 45 anos	1
Menores de 30 anos sen experiencia laboral	0,5
Persoas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego	1
Persoas con menores a cargo	1
Discapacidade	0,5
<b>TOTAL (máximo)</b>	<b>6</b>

**QUINTA.-** Documentación:

a) Solicitude (ANEXO I)



CONCELLO DE  
VALDOVIÑO

Valdoviño

- b) Fotocopia compulsada do DNI ou documento de identidade do país de orixe
  
- c) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme.(ANEXO II)
  
- d) Certificado do Servizo Público de Emprego no que figure o tempo de inscrición
  
- e) Declaración xurada da percepción ou non de prestacións ou subsidios por desemprego ou outras (ANEXO III)
  
- f) Volante de empadramento colectivo
  
- g) Fotocopia do certificado de minusvalía, de ser o caso.



CONCELLO DE  
VALDOVIÑO

Valdoviño

## ANEXO I

Don/Dona....., provisto do  
DNI.....

Con enderezo a efectos de notificación.....  
C.P.....

Municipio:                      Provincia:                      Teléfono:

Correo electrónico:

Medio de transporte: SI /NON

O abaixo asinante, solicita tomar parte no proceso selectivo para a contratación de dezaseis traballadores/traballadoras desempregadas como PEÓNS DE LIMPEZA DE PRAIAS, segundo bases aprobadas por Decreto de alcaldía nº 196/2012 de 20 de xuño de 2012, e ao efecto presento a seguinte documentación: (*bases cuarta e quinta*).

-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-

En                                      a                      de                      2012  
(sinatura)

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VALDOVIÑO**



CONCELLO DE  
VALDOVIÑO

Valdovíño

## ANEXO II

Don/Dona....., provisto do

DNI.....

Con enderezo a efectos de notificación.....

C.P.....

Municipio:

Provincia:

Teléfono:

Correo electrónico:

### DECLARA BAIXO XURAMENTO

non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme

En

a

de

2012

(sinatura)

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VALDOVIÑO**



CONCELLO DE  
VALDOVIÑO

Valdoviño

### ANEXO III

Don/Dona....., provisto do

DNI.....

Con enderezo a efectos de notificación.....

C.P.....

Municipio:

Provincia:

Teléfono:

Correo electrónico:

### DECLARA BAIXO XURAMENTO

Que PERCIBE / NON PERCIBE PRESTACIÓNS por desemprego

PERCIBE / NON PERCIBE SUBSIDIOS por desemprego

PERCIBE / NON PERCIBE outras prestacións

En a de 2012

(sinatura)

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VALDOVIÑO**



CONCELLO DE  
VALDOVIÑO

## ANEXO IV

A Comisión seleccionadora estará composta de seguinte xeito:

A\* Presidente: Titular: Senén Martínez Prieto, funcionario municipal. Suplente funcionario/a ou empregado/a público/a laboral fixo/a en quen delegue.

B\* Secretario que actuará con voz e voto: Francisco Javier Oubiña Lodeiro, funcionario municipal. Suplente: funcionario/a ou empregado/a público/a laboral fixo/a municipal en quen delegue

C\* Vogais: Martina Manteiga Fulgueira, funcionaria municipal. Suplente: funcionario/a ou empregado/a público/a fixo/a en quen delegue.

Vogais: Pilar Rivera Rodríguez, funcionaria municipal. Suplente: funcionario/a ou empregado/a público/a fixo/a en quen delegue.

Vogais: Remedios Torres Regueiro, funcionaria municipal. Suplente: funcionario/a ou empregado/a público/a fixo/a en quen delegue.

b) O Presidente do Tribunal poderá dispoñer a incorporación ao Tribunal doutros asesores especialistas para as probas que considere pertinentes, limitándose os devanditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, e actuando con voz pero sen voto.

c) O tribunal non se poderá constituir nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, e resultando, en todo caso, imprescindible a asistencia do Presidente e do Secretario. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do Presidente.

Mándoo e asínoo en Valdoviño o vinte e dous de xuño de 2012

O alcalde:

O secretario:

D. José Antonio Vigo Lago

D. Francisco Javier Oubiña Lodeiro